

O MUSEO ETNOLÓXICO DE RIBADAVIA (OURENSE)

M^a LUISA FERNÁNDEZ BAL

O **MUSEO ETNOLÓXICO** de Ribadavia atópase ubicado nun edificio do século XVII, construído como vivenda polo Marqués de la Ensenada e situado no corazón do Barrio Xudeu desta vila. En 1908 a casa foi adquirida por D. José Martínez Vázquez quen, no seu testamento deixa disposto que se destine a sé da Fundación Benéfica que leva o seu nome, co obxecto de ofrecer ensino gratuito ós fillos das familias humildes da vila.

Posteriormente, instálanse no edificio os Hermanos Maristas e máis tarde o Instituto Laboral. En 1954 a casa é comprada polo Concello de Ribadavia, que a cede gratuitamente en 1978 ó Estado para a instalación do museo que, co nome de «Museo de Artes y Costumbres Populares de Ribadavia» e por iniciativa de D. Manuel Chamoso Lamas, fora creado por Decreto 2124/1969 de 16 de agosto, (cumpríndose pois este verán os 25 anos da súa creación), como Museo Comarcal do Ribeiro e, en xeral, do viño en Galicia, carácter que se mantería complementado co de Sección Etnográfica do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense ate 1993.

Nos anos 1974-1978 realízanse obras de acondicionamento xeral, que se completan en 1984-1985, para adecua-lo edificio ás necesidades de instalación do Museo, que funcionará con intervalos dende 1981. O día 18 de maio de 1986 entra en servizo de xeito permanente, iniciando así o seu funcionamento ininterrompido.

En decembro de 1989 prodúcese a transferencia de súa xestión á Xunta de Galicia e, en 1993, a Consellería de Cultura decide dar carácter administrativo pleno de Museo á, ata entón, Sección do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, pasando a denominarse Museo Etnolóxico de Ribadavia.

O contido expositivo do Museo abrangue os seguintes campos:

OFICIOS

«Os tecidos». Amósanse os traballos de sementado, colleita e transformación da planta do liño nunha febra apropiada para tecer, así coma os utensilios empregados e as teas, colchas, mantelerías e roupas que tradicionalmente se facían no tear.

«Alfarería». Importante colección de olería popular da provincia de Ourense, procedente da recollida efectuada por D. Anselmo López Morais e D. Antonio Rey Lage con ocasión da I Mostra de Cerámica Galega celebrada en 1971.



O TRANSPORTE

Abórdase o papel das vías de comunicación terrestres e fluviais como tradicionais elementos de relación humana e de aproveitamento económico no traslado de persoas e mercaderías, a través dos instrumentos utilizados para iso: carriños, carros (cos diferentes tipos de xugos empregados na provincia de Ourense) e barcas, distintas segundo sexan para o transporte ou para a pesca. Asimesmo, faise fincapé no aproveitamento dos ríos como fonte de alimentos, a través dos artefactos empregados no Miño para a pesca das diferentes especies piscícolas fluviais, antano tan abundosas e hoxe practicamente extinguidas.

A VIDA COTIÁ

Aproveitando que os espazos correspondentes á cociña e ó forno se mantiveron na restauración do edificio con poucas reformas, reproducéase o aspecto tradicional destes espazos.

O Museo Etnolóxico de Ribadavia conta ademais con dúas salas para exposicións temporais e unha sala de conferencias e audiovisuais. En canto a outros servizos, convén citar unha biblioteca especializada en temas de antropoloxía, etnoloxía/etnografía e historia de Ribadavia e do Ribeiro. Ten tamén un importante fondo arquivístico constituído polos legados da extinta Asociación Cultural

Abrente, (pioneira na divulgación do teatro na nosa Comunidade), da que se conserva un interesantísimo fondo documental sobre as Mostras de Teatro e os Premios Abrente de Teatro en Galego, polo da familia Meruéndano, á que pertencía D. Leopoldo Meruéndano que escribiu numerosas obras sobre a historia de Ribadavia e posuidora de terras e rendas en toda a comarca, e, moi recentemente, incrementado polo legado de D. Rubén García Álvarez, notable medievalista e investigador ribadaviense. En 1992 recibíuse tamén o depósito dunha magnífica biblioteca con fondos fundamentalmente sociolóxicos, filosóficos e políticos, procedente do legado de D. Xesús Sánchez Orriols, quen aportou asimesmo unha interesantísima colección discográfica que abrangue case tódolos estilos musicais, con especial atención ós clásicos.

Por outra parte, o Museo Etnolóxico de Ribadavia desenvolve ó longo do ano diversas actividades como exposicións, conferencias, ciclos de proxeccións audiovisuais e traballos de carácter didáctico.

O **HORARIO** de visita é de **martes a domingos de 9'30 a 14'30**. Os luns e os festivos está pechado ó público. As visitas de grupos convén anunciarlas e acordalas con antelación chamando ó teléfono do Museo (988 - 471843).